

1º ESO

Ola a todos, espero que esteamos todos ben! (que é o importante).

Como ides vendo polas noticias da televisión é previsible que “polo menos” ata despois de Semana Santa non volvamos, e é por iso polo que tedes que ir traballando un pouco pola vosa conta.

Estamos ante unha **medida excepcional**, nun tempo excepcional pero máis tarde ou máis cedo teremos que volver á “normalidade”. Recordade que este non é un período de vacacións, tedes que procurar facer o **voso plan de traballo**, para non desvincularvos coa materia e co instituto. **TODOS TEMOS QUE CUMPRIR COA NOSA PARTE**. Polo tanto **imos “obrigatoriamente” a manter un certo contacto**, mediante correo electrónico.

ÍAMOS BEN EN CANTO Á PROGRAMACIÓN (*Ós de agrupamento fáltalles facer o exame do tema 7*), estabamos a punto de empezar coas presentacións dos animais vertebrados e invertebrados e co tema 8 (do que non tiña, nin teño, pensado facervos exame). Parte deste tema xa o vimos un pouco por encima ó ver ós animais.

O MEU PLAN TRABALLO 1º ESO

1º **Teredes que facer un Resumo do Tema 8: Funcións Vitais**. Hai que enviar ou todo ou parte (*tampouco nos pasemos*) do feito mediante foto, scaneo, documento word ou pdf ó meu correo xabo@iespobra.com. **DATA LÍMITE xoves 19**.

2º A xente que non mo enviou, xa houbo xente que así o fixo, deberá achegar o traballo sobre vertebrados e invertebrados que tiñades que facer. Poñede se sodes máis de un no traballo. **DATA LÍMITE MARTES 17** (xa tiña que estar feito!!!!!!).

3º Vou enviarvos tamén as **actividades do tema 8**. Hai que facelas e enviar unha evidencia de tal **cousa antes do xoves 26**. Eu achegarei o venres as solucións.

4º **Se a suspensión de clases presenciais segue despois destes 15 días xa vos enviarei máis actividades e instrucións.**

- ✓ **Se alguén ten dúbidas, ou me envía un correo, ou tamén me pode enviar un teléfono para poder facer unha “titoría”.**
- ✓ **Se coñeces a alguén que non teña internet ou ordenador estaría ben que lle facilitarades tanto as actividades como o traballo a realizar (resumo,...).**

Un saúdo e saúde para todos.